XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, LUNS, 16 DE NOVEMBRO DE 2026

**PRESIDENCIA**

**SAN CAETANO**

**11,30 h.-** O titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, presidirá a reunión do Consello da Xunta.

A continuación, a partir das **13,00 horas (aprox.)**, comparecerá para dar conta dos asuntos acordados.

**TURISMO DE GALICIA**

**O PEREIRO DE AGUIAR (Ourense)**

**12,30 h.-** O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, visitará varias actuacións no marco dun convenio de colaboración co Concello.

**DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**

**A CORUÑA**

**09,00 h.-** A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, asistirá á mesa local de comercio da Coruña.

**VEDRA (A Coruña)**

**12,00 h.-** A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, reunirase cun dos beneficiarios do *Bono Autonómo,* Instaiglesias.

**DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO**

**LUGO**

**11,45 h.-** O delegado da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, asistirá á entrega dos fondos recadados na gala solidaria *Diez Raz1Ones* 2026, en favor de Alume Saúde Mental e da área de Humanización do HULA.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

UNIÓN EUROPEA

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

# INFORMACIÓN AOS MEDIOS

## DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

### BANDE (Ourense)

**10,15 h.-** O delegado da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, participará no acto de entrega de material para a prevención de incendios a varias asociacións veciñais deste concello.

## DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

### MEAÑO (Pontevedra)

**10,30 h.-** O delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará a estrada PO-550.

### PONTEVEDRA

**11,30 h.-** O delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará as instalacións da Protección Civil de Pontevedra.

## DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

### VIGO

**10,00 h.-** A delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, participará na presentación da campaña de recollida de alimentos e xoguetes organizada pola Policía Portuaria.

**10,30 h.-** A delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, presentará a nova edición do certame de nadal *Ilumina o teu escaparate*.

## CASA DE GALICIA

### MADRID

**12,30 h.-** O director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, asistirá á inauguración do *XXVI Salón dos Mellores Viños da Guía Peñín*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

UNIÓN EUROPEA

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

# INFORMACIÓN AOS MEDIOS

## CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

### PARLAMENTO

**12,30 h.-** O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado da directora do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), Covadonga Toca, recibirá o embaixador de Vietnam en España, Do Hoang Linh.

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

### SANTIAGO DE COMPOSTELA

**10,00 h.-** A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, participará na xornada de formación do modelo *Ponte...nas ondas!* de boas prácticas do patrimonio cultural inmaterial.

### SANTIAGO DE COMPOSTELA

**10,15 h.-** A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, dará a benvida aos beneficiarios das axudas do programa *Nexos*, para impulsar a I+D+i colaborativa entre empresas, que participan nunha xornada técnica.

## CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

### PARLAMENTO

**10,00 h.-** O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, intervirá no pleno sobre o debate de totalidade do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2027.

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

### SAN CAETANO

**16,00 h.-** A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, asinará co alcalde dos Blancos, José Manuel Castro Blanco, o convenio para a execución dunha actuación ao abeiro do Plan Hurbe.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

UNIÓN EUROPEA

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

# INFORMACIÓN AOS MEDIOS

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

### SANTIAGO DE COMPOSTELA

**10,00 h.-** O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño,** intervirá na inauguración das *II Xornadas de boas prácticas comunitarias en saúde ambiental*.

## CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

### OURENSE

**11,00 h.-** O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará no acto de entrega dos premios do VII Certame de Cinema escolar *Ouff Escola*.

## CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

### A CORUÑA

**12,00 h.-** A secretaria xeral de Emprego e Relacións Laborais, Susana Pérez Iglesias, visitará as persoas participantes das lanzadeiras de emprego da Coruña e Ferrol no marco do programa *Hubs de activación da empregabilidade*, promovido pola Fundación Santa María la Real.

### RIBADEO (Lugo)

**16,30 h.-** O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, acompañado pola xerente do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, Sol Vázquez, participará na xornada *Comercio Conectado: vender, innovar e protexerse no mundo dixital*, organizada pola Asociación de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE Galicia) xunto coa Asociación de Comerciantes, Industriais, Servizos e Autónomos (Acisa).

## CONSELLERÍA DO MAR

### SAN CAETANO

**09,30 h.-** A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, acompañada da directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Ángeles V. Suárez, e do director xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, David Gómez, manterá unha reunión con representantes da unidade mixta de investigación *Acuiregal*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

UNIÓN EUROPEA